



Compromisos do alumnado participante nas mobilidades Erasmus+

Participar nunha mobilidade Erasmus+ implica asumir responsabilidades antes, durante e despois da estadía. Estes compromisos están vinculados ao Plan Erasmus do EPA Berbés e ás normas de calidade do programa.

1. Antes da mobilidade

O alumnado comprométese a:

- Participar no proceso de selección (solicitud, CV, carta de motivación, entrevista).
- Acreditar ou demostrar o nivel lingüístico necesario.
- Asistir ás sesións de preparación (información práctica, aspectos culturais, convivencia e valores europeos).
- Elaborar e manter actualizado o CV Europass.
- Mostrar responsabilidade, puntualidade e actitude positiva en todas as actividades previas.

2. Durante a mobilidade

Deberá:

- Participar activamente en todas as actividades formativas, culturais e institucionais.
- Respetar as normas do país anfitrión, do centro de acollida e as indicacións do profesorado acompañante.
- Manter un comportamento adecuado, representando ao EPA Berbés e ao programa Erasmus+.
- Traballar competencias clave: inclusión, dixitalización, autonomía, pensamento crítico e participación democrática.
- Comunicar incidencias relevantes para garantir unha experiencia segura.

3. Despois da mobilidade

O alumnado comprométese a:

- Participar nas actividades de avaliación (enquisas, entrevistas, reunións).
- Elaborar materiais de reflexión (memorias, testemuños, fotos, presentacións).
- Colaborar nas accións de difusión do centro (charlas, web, redes sociais).
- Aportar a información necesaria para rexistrar o Europass Mobility.
- Converterse en referente positivo e animar outras persoas adultas a participar en futuras mobilidades.

4. Compromisos xerais

- Manter un comportamento axeitado e unha asistencia regular antes e despois da mobilidade.
- Comprender que a mobilidade é unha actividade formativa, non turística, e require esforzo, puntualidade e colaboración.
- Aceptar que o incumprimento grave destes compromisos pode levar á exclusión da actividade ou a outras consecuencias educativas.



**Cofinanciado por
la Unión Europea**

Os proxectos EPA Berbés Erasmus+ derivados da acreditación KA120-ADU están cofinanciados pola Unión Europea. As opinións e puntos de vista expresados neste documento son responsabilidade exclusiva do EPA Berbés e non reflicten necesariamente os da Unión Europea nin os do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE). Nin a Unión Europea nin a Axencia Nacional SEPIE poden ser considerados responsables deles.